



***Caritas***

Diocesana de Tui-Vigo

---

**Memoria 2010**

## ÍNDICE

Saúda do Sr. Bispo .....	Páx. 3
Introdución do Delegado Diocesano e do Director .....	Páx. 4
Programa de <del>ANIMACION COMUNITARIA</del> .....	Páx. 5
Programa de <del>ACOLLIDA</del> .....	Páx. 11
Programa de <del>EMPREGO</del> .....	Páx. 13
Programa de <del>SAÚDE</del> .....	Páx. 17
Programa de <del>INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS</del> .....	Páx. 19
Programa de <del>ESCOLA INFANTIL</del> .....	Páx. 21
Programa de <del>CENTRO DE ATENCION DE DIA DE MENORES</del> .....	Páx. 22
Programa de <del>SERVÍZO DE EDUCACIÓN FAMILIAR</del> .....	Páx. 23
Programa de <del>COOPERACION INTERNACIONAL</del> .....	Páx. 24
<b>ONG INTI - Entidade Asociada</b> .....	Páx. 25
<b>CONFERENCIAS DE SAN VICENTE DE PAUL – Entidade Asociada</b> .....	Páx. 26
Departamento de <del>CONTABILIDADE Y ADMINISTRACIÓN</del> .....	Páx. 27
<del>ESTADOS CONTABLES GLOBAIS</del> .....	Páx. 28
<del>ESTADILLOS DE CONTABILIDADE COMPARADA 2009 – 2010</del> .....	Páx. 29
<del>ESTADILLOS COMPARATIVOS ORZAMENTOS 2009 – 2010</del> .....	Páx. 30
<del>AGRADECEMENTOS AOS DIVERSOS COLABORADORES</del> .....	Páx. 31

## PRESENTACIÓN DA MEMORIA DE CARITAS DIOCESANA 2010

Ao presentar a memoria de Cáritas Diocesana, gustaríame lembraros unhas palabras do Beato Xoán Paulo II: *“O anuncio do Evanxeo é a primeira forma de caridade, pero sen unha evanxelización levada a cabo mediante o testemuño da caridade... córrese o perigo de ser incomprendido ou de quedar no mar das palabras ao que a actual sociedade da comunicación sométenos cada día”* (NMI 50).

A caridade de Cristo aprémanos a vivir para El e con El ao servizo dos homes e mulleres da nosa sociedade. A igrexa que formamos ten a misión de significar e regalar o Amor de Deus ao mundo mantendo un diálogo fecundo con el. O anuncio do Reino e o traballo en favor dos pobres, son inseparables na misión do Señor e, por esta razón tamén deben ser inseparables na misión da comunidade eclesial que no necesitado e marxinado contempla o rostro de Cristo sufrinte.

O servizo aos irmáns ha de estar sempre presente na vida da Igrexa pero, de forma singular na vida de cada comunidade parroquial. Esta dimensión caritativa forma parte da máis íntima esencia da fe cristiá e, nestes momentos podemos dicir que ademais de esencial é urxente e necesario pois, para facer realidade a esperanza dos necesitados debemos acompañar aos afectados pola crise a todos os niveis para evitar que sufran un empeoramento nas súas condicións de vida.

A crise económica segue golpeando forte nosa sociedade. Cáritas debe seguir sendo resposta e axuda para quen a padecen. No exercicio do pasado ano aumentaron o número de persoas atendidas por Cáritas Diocesana pero,


tamén aumentou a solidariedade e os donativos. A xente segue acudindo a Cáritas a pedir e a doar. O Señor segue movendo os corazóns e, os cristiáns desta Diocese de Tui-Vigo seguen deixándose tocar polo amor de Deus “dándose aos demais”.

Isto débenos encher de alegría e esperanza, pero non nos pode facer caer no conformismo. Debemos dar grazas a deus e pedirlle que manteña o noso corazón aceso para servir ao irmán pobre e desamparado.

Agradezo o traballo desinteresado dos voluntarios e a colaboración que todas aquelas persoas, empresas e institucións que, sensibilizadas pola situación de penuria do próximo fan posible nosa axuda mediante a súa achega económica.

Que o noso amor a Santa María, humilde escrava do Señor, lévenos a demostrar a nosa predilección polos humildes da nosa sociedade e a comprometernos con toda persoa que necesite axuda ou comprensión.

Con afecto e gratitude envíovos o meu saúdo e bendición.



**+Luis Quinteiro Fiuza**  
**Bispo de Tui-Vigo**

Queridos amigos:

O VI Informe de “Cáritas ante a crise”, que é unha análise das constatacións realizadas polos axentes de acción social de Cáritas en toda España durante todo o ano 2010, mostra que o número total de solicitudes de axuda a Cáritas aumentou un 104,3% no período 2007-2010. Isto significa que o aumento da demanda de axuda é de tal magnitude que en tres anos o número de solicitudes duplicouse, superando as 1.800.000 solicitudes de axuda no ano 2010.

O paro prolongado é un factor decisivo que levou a moitas persoas, a moitas familias, á situación de penuria e necesidade na que se atopan.

O traballo é un dos principais camiños para o desenvolvemento da persoa: humano, social, familiar..., e para que esta sinta útil á sociedade. É un ben que é preciso coidar e conservar como “ouro en pano”, porque niso vaimos a saúde da nosa sociedade. Cando a persoa está desempregada non só se ve empobrecida a súa renda, senón que conforme avanza o tempo de desemprego vaise descapitalizando, vanse perdendo os vínculos que lle permiten conectar con oportunidades de emprego, o seu proxecto de vida perde sentido, e aparece o risco de exclusión.

Con esta crise hai un sector da poboación, ao cal lle será moi difícil, por non dicir imposible, incorporarse ao réxime laboral dominante. Son persoas que ao carecer de condicións de empregabilidade e, ao non traballar, ditas condicións empeoran aínda máis.

A crise tróuxonos un aumento dos fogares afectados polos distintos procesos de exclusión social próximo ao milleiro de persoas. Debemos ser conscientes de que moitas

das persoas excluídas non puideron elixir libremente cara a onde orientar a súa vida e, por iso, necesitan da axuda dos demais, da nosa axuda, da axuda de todos.

Para superar a exclusión social faise preciso mellorar a moral pública da nosa sociedade e mellorar o modelo de solidariedade.

Un ano máis presentamos nestas páxinas o esforzo e o traballo dos voluntarios e traballadores, tanto das Cáritas parroquiais, como de Cáritas Diocesana e das asociacións a ela federadas. Son persoas que traballan con corazón para transformar a sociedade.

Grazas a eles, ao seu esforzo e ao seu traballo. Grazas tamén a todas aquelas persoas, entidades, institucións e empresas que fan posible o desenvolvemento do noso compromiso; un compromiso que pertence a todos.

Con todo afecto



**Jaime Barrecheguren Beltrán**  
Delegado Diocesano



**Ángel Dorrego Leal**  
Director

## ANIMACIÓN COMUNITARIA 2010

### Persoal implicado no desenvolvemento do Programa

Nestas actividades participou activamente o persoal técnico do Programa, o voluntario coordinador mentor do programa, persoas voluntarias da Xunta Directiva, en momentos puntuais, e tamén compañeiras doutros programas (traballadoras sociais de parroquias, psicóloga e educadora familiar).

Cáritas é o grupo de persoas, que na Igrexa, dedícanse a organizar e realizar a atención ás persoas máis empobrecidas. É o organismo oficial da Igrexa que expresa o Amor preferente de Deus polos máis excluídos da Terra.

A forza e motor de Cáritas é o seu voluntariado. O seu compromiso e esforzo, complementado e apoiado polo do persoal técnico, fai posible cumprir o noso obxectivo de colaborar na mellora da calidade de vida dos últimos e non atendidos, misión fundamental da nosa Entidade.

Dende o programa de Animación Comunitaria e Voluntariado trabállase na sensibilización, dinamización e concienciación social da comunidade, no seu sentido máis amplo: comunidades parroquiais, (espazo habitual) pero tamén comunidade entendida como a sociedade en xeral, da que Cáritas tamén forma parte

Con iso búscase a implicación e compromiso de todos/as na procura da promoción da persoa en situación ou risco de exclusión social, no cambio de estruturas inxustas e na denuncia das mesmas.



# 1. - SENSIBILIZACIÓN

## 1.- ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO VOLUNTARIADO

- ✚ Elaborar e distribuír os Boletíns informativos propios.
- ✚ Distribución gratuita mensual da revista de Cáritas.
- ✚ Actos de sensibilización en Centros Educativos: Colexio Vista Alegre (21 Decembro)
- ✚ Actos de sensibilización en Parroquias (Xaneiro-Maio e Outubro-Decembro).
- ✚ Campaña institucional da V Semana da Caridade: *"Unha sociedade con valores é unha sociedade con futuro"*. (Xuño)
- ✚ Campaña do día do Cristo da Vitoria. (1 agosto).
- ✚ Campaña Institucional de Nadal: *"Unha sociedade con valores é unha sociedade con futuro"*. (Decembro)
- ✚ Participación na Feira do Voluntariado da Universidade de Vigo (1 Decembro)

### Nº aproximado de persoas beneficiarias

40 alumnos/as de centros educativos,  
42 asistentes a actos parroquiais de sensibilización,  
556 voluntarios/as,  
241 socios e socias,  
130.000 persoas aprox. de comunidades parroquiais, e os participantes na  
Procesión do Cristo da Vitoria

## 2.- II MOSTRA DE CINE SOCIAL

Os días 2 e 3 de Febreiro organizouse en colaboración coa **Fundación Proclade** e o **Cine Salesianos**, esta Mostra de Cinema, tratando o tema de **ÁFRICA**, exhibíndose 3 curtametraxes **"Binta e a gran idea"**, **"Lucky"** e **"Mened"** para alumnos de Primaria e a película: **Izulu Lami (O meu ceo Secreto)**, para 3º e 4º de Secundaria e Bacharelato.

As sesións das 3 Curtametraxes foron dirixidas ao alumnado de 3º e 5º de Primaria e a Película aos alumnos de 2º a 4º da ESO, Ciclos Superiores e Público en xeral na sesión aberta pola tarde

### Nº de persoas beneficiarias

1.574 alumnos/as de 8 Centros educativos da Cidade e 150 persoas do público asistente á sesión da tarde



## V SEMANA DE LA CARIDAD. (31-Mayo/3 Junio))

Día 31 Maio. Conferencia: “*Diversidade persoal, ben social*”, a cargo de D. Julio Andión Marán.

Día 1 Xuño. Conferencia: “*O don da gratuidade*”, a cargo de D. Julio Andión Marán.

Día 2 Xuño. Presentación da **Obra das Servas da Paixón (Fogar de Santa Isabel)**

Día 3 Xuño. Peditorio “*Día da Caridade*”, nas rúas de Vigo e Eucaristía na Igrexa de Santiago o Maior de Vigo.

### Nº de persoas beneficiarias

Os participantes nestas actividades, sen contar coa xente que colaborou nas mesas peditorias, foron aproximadamente unhas 300 persoas

## CONCURSO DE DEBUXO: QUE PINTAS NO NADAL?

O 13 de Decembro entregáronse os premios deste **III Certame de Debuxo**, que foi dinamizado en colaboración ca Delegación de Catequese.

Nº de persoas beneficiarias  
15 parroquias con 135 Debuxos finalistas

TOTAL INVERTIDO NO PROGRAMA: 83.702,67

Fondos propios	80.093,16
I. R. P. F. – MTAS	1.000,00
Xunta de Galicia	2.609,51

## 2.- FORMACIÓN E PARTICIPACIÓN



### 1.- LXV ASEMBLEA DE CÁRITAS ESPAÑOLA.

30 e 31 de Xaneiro.

#### Nº de persoas beneficiarias

Asistiron o Delegado Diocesano de A.C.S. e o Director de Cáritas cunhas 134 persoas máis procedentes de outras Cáritas Diocesanas

### 2.- XVIII ASEMBLEA DE CÁRITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO

10 de Abril

#### Nº de persoas beneficiarias

100 persoas  
Voluntarios/as, persoal técnico, cregos,...

### 3.- XVIII ESCOLA DE FORMACION SOCIAL

Celebrouse no **ESCORIAL** nos meses de Xuño e Xullo baixo o lema *"Contra a Pobreza, unha Caridade alerta"*.

#### Nº de persoas beneficiarias

3 persoas voluntarias responsables de Programas e  
Membros da Xunta Directiva  
3 persoas Voluntarias das Cáritas Parroquiais e  
7 traballadoras/es diocesanos

### 4º.- JORNADA DE FORMACIÓN PARA DIRECTIVOS E RESPONSABLES DAS CÁRITAS GALEGAS,

20 de Febreiro

#### Nº de persoas beneficiarias

6 Voluntarios de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo  
e 69 do resto das outras Cáritas Galegas



### 5º.- XORNADA DE FORMACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DAS CÁRITAS DIOCESANAS GALEGAS

12 de Abril e 15 de Novembro.

#### Nº de persoas beneficiarias

16 traballadoras/es da nosa Cáritas Diocesana  
e 35 do resto das outras 4 Cáritas Galegas

### 6º.- REUNIÓNS MENSUAIS FORMATIVAS E DE COORDINACIÓN COAS CÁRITAS PARROQUIAIS

(Xaneiro-Xuño e Outubro-Decembro)

#### Nº de persoas beneficiarias

73 persoas son as que asisten habitualmente

### 7º.- ESCOLA DE PAIS E NAIS

23-24 de Marzo

#### Nº de persoas beneficiarias

20 Voluntarias/os das Cáritas Parroquiais

### 8.- CELEBRACIÓN DO NADAL E O DÍA MUNDIAL DO VOLUNTARIADO

16 de Decembro

#### Nº de persoas beneficiarias

74 persoas voluntarias

### 9.- VIII XORNADA DIOCESANA DE VOLUNTARIADO

*"Vai e fai ti o mesmo"*

15 de Setembro

#### Nº de persoas beneficiarias

55 persoas

## 3.- COORDINACIÓN

### 1.- PARTICIPACIÓN NA REDE SOCIAL GALICIA SUR.

ACTOS REALIZADOS EN FAVOR DO CENTRO DE INCLUSIÓN SOCIAL PARA VIGO

5 de Xaneiro: Acto de Rúa de 200 participantes aprox.

16 de Stbro y 8 de Nvbro: Manifestación de 450 pers. aprox

15 de Abril: Concentración e Manifestación con motivo da *CAMPAÑA POBREZA CERO* de 300 persoas aprox.



### 2.- ACORDOS DE COLABORACIÓN A NIVEL DE VOLUNTARIADO CON COLEXIOS DE VIGO.

Curso 09/10

Colexio Santiago Apóstol. Xesuítas

9 voluntarios

### 3.- ACTUACIÓN CONXUNTAS CAS CÁRITAS DIOCESANAS GALEGAS

5 de Xuño

Celebrouse, en Santiago, a III Convivencia do Voluntariado das Cáritas Galegas, asistindo un total de

402 voluntarias/os, sendo 63 as persoas que desprazou Cáritas Diocesana de Tui Vigo



**20 CÁRITAS PARROQUIAIS PRESENTARON AS MEMORIAS DO ANO 2010**  
 das 62 Parroquiais e 1 Interparroquial que hai nestes momentos na Diocese, así como 8 CONFERENCIAS S.V.P.

Nosa Señora do Rocío

Santa Marta

Inmaculada Concepción (Os Picos) c

Santa María da Guarda c

Nosa Señora do Carme

Santiago de Redondela e Vilavella

San Miguel de Oia

San Salvador de Coruxo

San Pedro de Matamá

San Martín de Coia

Santo André de Comesaña

San Pelaio de Navia


San Francisco de Asís

San Paulo c

Nosa Sra. de Fátima c

San Rosendo de Torneiros

María Auxiliadora



**Ingresos: 251.895,89 €**

**Gastos: 201.164,61 €**

Santa María de Vigo (Colexiata)

San Fiz de Nigrán

San Martín de Tameiga e Dornelas

Santa Teresa de Xesús c

Nosa Sra. das Neves

Santa Cristina de Lavadores c

Nosa Señora da Paz

Claretianos c

Sagrada Familia

Santa Clara c

Santiago de Parada do Miñor

Santa María do Porriño

Santo Estevo de Beade

San Pedro da Ramallosa

Nosa Sra do Perpetuo Socorro

Interparroquial dos Cotos

**Os seus 317 voluntarios/as atenderon a 7.065 persoas**

## ACOLLIDA 2010

Este Programa leva funcionando en Cáritas Diocesana de Tui-Vigo dende os inicios, hai máis de 35 anos, sendo está atendido por 4 Traballadoras sociais en Atención Xeral, levando os casos de seguimento, o desenvolvemento dos diversos proxectos realizados e a atención e formación en parroquias, conxuntamente cos técnicos do Programa de Animación Comunitaria, traballando en coordinación co Programa de Saúde, en especial de familias e/ou usuarios con problemáticas de saúde mental, para que fagan unha intervención máis especializada a Traballadora social do citado Programa e o Auxiliar sanitario de Apoio a domicilio, co apoio dunha Educadora familiar, unha avogada, unha psicóloga e tres orientadoras laborais no Programa de Emprego.

En la SEDE de la DIOCESANA	ENTREVISTAS	PARTICIPANTES	HOMES	MULLERES
	1.781.-	474.-	152.-	322.-

TIPOS DE AXUDAS ECONÓMICAS	Participantes
Axuda económica en xeral	17
Axuda económica alimentación	153
Axuda ordinaria vivenda tenencia	78
Axuda económica vivenda mantemento ou suministros en xeral	38
Axuda económica de vivenda para ELECTRICIDADE	30
Axuda económica de vivenda para GAS ou GASOIL	5
Axuda económica de vivenda para AUGA	9
Axuda económica educación - formación	8
Beca de estudos	1
Axuda económica medios de traballo	1
Axuda económica saúde	4
Axuda económica transporte - desprazamento	28
Axuda económica aveños - roupa	2
Axuda económica para Débedas ou Melloras	8
Axuda económica Débedas ou Melloras en S.D SOCIAL (pensións)	3
Axuda económica outros non especificados	21
Axuda económica documentación	8
<b>TOTAL</b>	<b>240</b>

A porcentaxe elevada de participantes presenta situacións economicamente precarias debido á falla de emprego, contando algún deles sen ningún tipo de ingreso ou con ingresos por baixo do salario mínimo (perceptores de RISGA, pensións non contributivas, subsidios de desemprego, RAI...) que non lles permiten cubrir as necesidades básicas da vida diaria polo que adoitan recorrer á economía mergullada para poder subsistir.

Nestes últimos anos obsérvase que acoden moitas mulleres soas con cargas familiares que, debido aos escasos recursos económicos dos que dispoñen e a súa condición de muller, atópanse nunha situación moi precaria tanto a nivel económico como social, xa que a maioría delas teñen menores ao seu cargo e non contan co apoio familiar polo que lles dificulta a incorporación ao mercado laboral, en moitos casos, non perciben a pensión alimenticia por parte da súa ex parella o que é un agravante máis. En 2010 atendéronse a 134 familias monoparentais contando co apoio da educadora familiar que traballa de forma máis directa con esta tipoloxía de familias.

### Atención descentralizada en Parroquias de la Diocese

LOCALIDADE	Parroquia de. PONTEAREAS	Interparroquial de OS COTOS	Parroquia da FLORIDA	Parroquia do ROCÍO
Nº FAMILIAS	64	4	36	20
ENTREVISTAS	338	13	78	46

TIPO de INTERVENCIÓN	Persoas
Intervención e atención social	2
Atención e entrevistas	427
Trámites e xestións	406
Información e asesor social	103
Acompañamento o apoio	3
Intervención económica	256
Derivacións	203
Outras intervencións sociais	24
<b>TOTAL</b>	<b>1.402</b>

TIPOS DE FAMILIA	Usuarios
Persoa soa	137
Parella sen fillos	43
Parella con fillos	105
Familia monoparental	134
Outros tipos de familia	18
Outros	37
<b>TOTAL FAMILIAS</b>	<b>474</b>

TIPO DE INGRESOS	Persoas
Traballo regularizado	66
Seguridade social Contributivas	93
Seguridade social non contributiva	114
Servizos Sociais	48
Outras institucións u Organismos	16
Rendas de propiedades	1
Outros ingresos	30
Sen ingresos	106
Non consta	79
<b>TOTAL</b>	<b>474</b>

### Fixemos DOUS PROXECTOS SUBVENCIONADOS

“PROGAIN” PROGRAMA DE ATENCIÓN Á INFANCIA. con subvención da Diputación de Pontevedra de **6000 €** para prestar atención integral a todos aqueles menores de entre 0 e 16 anos, e as súas familias, que se encontran nunha situación de desvantaxe social na nosa Diocese co obxectivo de acadar a súa plena integración e normalización.

“WOMAN UP” (¡ÉRGUETE!) con subvención de Fundación “LA CAIXA” con **28.000 €** para 2010 e 2011 dirixido con exclusividade a mulleres, soas ou con cargas familiares, que non poden cubrir as necesidades básicas da vida diaria, pola súa situación de vulnerabilidade e exclusión.

CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA	36.603,00 €
DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	6.000,00 €
FUNDACIÓN BARRIE DE LA MAZA	60.000,00 €
OBRA SOCIAL “LA CAIXA”	14.000,00 €
OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA	16.361,04 €
FONDOS PROPIOS	98.295,98 €

**INGRESOS DESTINADOS**

**231.260,02 €**

### e DOUS CONVENIOS DE COLABORACIÓN

#### *Programa de Axudas Emerxencia Social a Familias Fundación Barrié de la Maza*

*Este convenio de colaboración aportou a nosa Entidade 60.000 € durante 2.010, para axudas destinadas a apoiar ás familias nestes duros momentos e liquidar en certa medida a presión económica pola que están a atravesar nestes tempos de crise.*

#### *Programa “Fondo Galicia solidaria ante a crise” Obra Social Caixa Galicia*

*Este convenio de colaboración entre esa Entidade e Cáritas Española destinou 34.980 € a Cáritas Diocesana de Tui-Vigo para desenvolver un programa, de Novembro de 2010 a Abril de 2011, de axuda a persoas e familias da nosa comunidade, que non poidan afrontar cubrir actualmente as súas necesidades básicas urxentes.*

# EMPREGO 2010

## Os seus principais obxectivos son:

- Ofrecer un dispositivo que facilite o achegamento ao emprego dos participantes dos distintos Programas e Servizos de Cáritas, persoas e colectivos con dificultades de acceso ao emprego e/ou en situacións de risco ou exclusión social.

- Desenvolver a empregabilidade dos/as participantes, como condición previa para a súa inserción laboral, motivando un cambio de actitudes de cara o traballo e fomentando a procura activa de emprego.

- Diseñar e ofrecer accións de formación adecuadas ao perfil dos/as participantes e ás demandas do mercado laboral.

- Establecer os leitos de intermediación entre ofertas de traballo e a poboación beneficiaria (bolsa de emprego):

### O Programa componse de varias áreas:

- Servizo de Información, Orientación e Consello,
- Formación Adaptada e
- Inserción (bolsa de emprego),

sendo fundamental en cada unha delas

- o Acompañamento e Seguimento das persoas que participan neste dispositivo.

Dentro deste servizo consolidouse o "Proxecto Piloto" de Acolida e Orientación Laboral na comarca do Condado, conseguindo deste modo un acercamento do Programa de Emprego ao territorio rural que pertence a Diocese

## 1.- Inserción global

	Persoas atendidas	Insercións
<b>PROGR. OPERATIVO</b>	<b>342</b>	<b>104</b>
<b>FONDOS PROPIOS</b>	<b>212</b>	<b>55</b>
<b>TOTAL</b>	<b>554</b>	<b>159</b>

## 2.- Área de Orientación

<b>ATENDÉRONSE 554 PERSOAS</b>	
<b>289 homes</b>	<b>265 mulleres</b>
<b>Os Inmigrantes foron o 38% do total</b>	

## 3.-Área de formación

**Neste 2010 programáronse un total de 9 acciónes formativas, participando nelas un total de 110 persoas**

### Un Obradoiro de Limpeza de Superficies e Mobiliario en Edifícios e Locais

O seu obxectivo: Facilitar a adquisición de competencias técnicas (teóricas, teórico-prácticas e destrezas) do posto de persoal de limpeza ou limpador.

Efectuáronse 260 horas de traballo - estudio

<b>Asistiron 15 persoas</b>	<b>Con Diploma: 14</b>
-----------------------------	------------------------

## Dous Obradoiros de Emprego Doméstico



**Obxectivo principal:** Facilitar a adquisición por parte das participantes das competencias precisas para a planificación, organización e resolución de problemas no desempeño do oficio, con 280 horas/ obradoiro.

**Acudiron 20 persoas**

**Diploma aproveitamento: 17**

Os contidos dos Obradoiros de Traballadoras de Fogar foron adaptados e organizados en base aos módulos formativos do Certificado de Profesionalidade de Emprego Doméstico

TRABALLADORAS DE FOGAR "SEN" de 170 horas

**FONDOS PROPIOS**

**Formáronse 8 mulleres**

## Tres Cursos de Manipulación de Alimentos

**Obxectivo:** Facilitar aos/as participantes o acceso a determinados sectores, xa que é imprescindible para desempeñar ocupacións vinculadas aos sectores de industrias agroalimentarias e comercio de alimentación. Fixéronse dous en Vigo e un en Ponteareas, de 4 horas.



**Obtiveron diploma: 29**

## Dous Pre-obradoiros de Informática Básica

**Obxectivo:** Dar a coñecer aos/as participantes as funcións básicas do sistema operativo Windows e máis concretamente do uso do procesador de textos Word, destinados á procura de emprego, con 30 horas cada Pre-obradoiro, realizados en Ponteareas.

**Asistiron 15 alumnos/as**

**Todos obtiveron Diploma**

## Un Curso de Loxística integral con módulo de Carretillero



**Obxectivo:** Alcanzar os coñecementos prácticos en materia de Prevención de Riscos Laborais necesarios para a conducción e manipulación de cargas empregando una carretilla elevadora cun total de 60 horas.

**Participaron 16 alumnos/as en total**

**16 en Loxística e 15 na práctica de carretillero.**

**Todos obteñen o diploma**

**Realizáronse 4 accións conxuntamente entre Cáritas Diocesana de Tui-Vigo e FSG Acceder (Fundación Secretariado Xitano), formando a 30 persoas que se detallan a continuación:**

## Dous Cursos de Manipulador de Alimentos

**Obxectivo:** Facilitar aos/as participantes o acceso a determinados sectores, xa que é imprescindible para desempeñar ocupacións vinculadas aos sectores de industrias agroalimentarias e comercio de alimentación con 4 horas por curso.

**Asistiron 15 alumnos/as entre os dous cursos**

**Todos obtiveron Diploma**

## Dous Pre-obradoiros de Informática Básica



**Obxectivo:** Dar a coñecer aos/as participantes as funcións básicas do sistema operativo Windows e máis concretamente do uso do procesador de textos Word, destinados á procura de emprego, con 30 horas cada Pre obradoiro, **obtendo todos o Diploma.**

**Asistiron 15 alumnos/as en total**

## CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA

A través do Convenio asinado coa **Secretaría Xeral de Migración** realízanse unha serie de accións formativas nas que se forma a **35 persoas**.

As accións formativas foron as seguintes:

### Dous Obradoiros de cociña con módulo de Manipulador de Alimentos

**Obxectivo xeral:** Adquirir coñecementos de cociña tradicional española, o que implica incrementar o nivel de empregabilidade dos/as participantes con experiencia ou posibilidades de emprego nos sectores de industrias agroalimentarias, comercio de alimentación e hostalería, sendo cursos de 50 horas e con 5 alumnos cada un, que realizan e rematan o mesmo.



**Asistiron 10 alumnos/as entre os dous cursos, sendo 8 mulleres e 2 homes de idades comprendidas entre 19 e 54 anos**

**Todos obtiveron Diploma**

### Un Curso de Manipulador de Alimentos

**Obxectivo xeral:** Incrementar o nivel de empregabilidade dos/as participantes con experiencia ou posibilidades de emprego no sector de industrias agroalimentarias, comercio de alimentación e hostalería cunha duración de 4 horas, **obtendo todos o diploma**.

**Asistiron 10 alumnos/as, sendo 7 homes e 3 mulleres en idades entre 18 e 43 anos**

### Obradoiro de Pintura

**Obxectivo:** Adquirir os coñecementos precisos para organizar e realizar os traballos de pintura no seu conxunto nun curso de 202 horas de duración.

**Asistiron 15 alumnos/as entre os dous cursos, sendo 13 homes e 2 mulleres en idades comprendidas entre 18 e 65 anos**

**2 persoas eran comunitarias y 13 extracomunitarias**

### **INGRESOS APLICADOS AO PROGRAMA: 245.608,16**


I.R.P.F.	22.177,10
PO. F.S.E.	114.696,90
Xunta de Galicia	34.270,17
Caritas Española- Sicce	4.750
Caixanova	12.000
Fondos Propios	57.713,99

## SAÚDE 2010

Préstase atención integral a persoas afectadas pola VIH, drogodependencias ou problemas de saúde mental, en situacións ou risco de marxinación social principalmente para dar resposta a necesidades nas súas diferentes facetas físicas, psicolóxicas e sociais.

Preténdese dotar ás persoas das habilidades sociais necesarias para un axuste persoal e social que potencie a autonomía persoal; que adquiran hábitos saudables; o cumprimento das citas médicas; a adherencia o tratamento; e informar sobre recursos, prestacións e axudas tanto públicas como privadas adaptadas as súas necesidades.

Os profesionais, que participan neste programa, son unha Traballadora Social e un Auxiliar de Clínica.



### Grupo de autoapoio



O Grupo de Autoapoio serve para ofrecer aos afectados da VIH a posibilidade de manifestarse e retroalimentarse con experiencias entre os seus iguais.

**17 persoas acudiron durante o ano 2010**

**e realizáronse**

- 10 saídas do Grupo a exposicións, partidos de fútbol, pesca, etc...
- Un obradoiro de coiro ao que asisten 17 persoas.
- 27 reunións do Grupo.

## Apoio social


Orientación e información sobre recursos; tramitación de axudas económicas; axuda en xestións (DNI, tarxeta sanitaria, prestacións); búsqueda de vivenda; seguimento e control de visitas médicas e toma de medicación

Entrevistas	Persoas	Expedtes Novos	Axuda Económ.	Importe
138	42	23	25	7.878,37


### Servizo de axuda a domicilio

#### As actividades realizadas foron

- Promoción de estilo de vida saudable, axuda no aseo persoal, acompañamentos a médicos, control mOedicación...
- Educación para a saúde.
- Xestión de prestacións económicas, acompañamento a institucións, axuda en xestións, asesoramento, información sobre recursos comunitarios...



### INGRESOS APLICADOS AO PROGRAMA: 81.259,15 €



## Apoio Psicológico Xeral

**PERSONAS ATENDIDAS: 63**

**Novas Atencións: 41**

**De Anos Anteriores: 22**

Observouse un incremento de atencións dende o Programa de Emprego, con cadros ansioso-depresivos de sensación de desesperanza e fatalismo, respecto da súa situación persoal e á xeral da crise, respecto da súa situación de desemprego e á maior dificultade para atopar un traballo, e sobre todo, pola súa idade maior para o traballo e o peor: mostrando riscos de cronicidade.

## Asesoría Legal e Defensa

**487 persoas atendidas**  
 procedentes dos Programas de Cáritas

# INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS 2010

## 1.- Obxectivos Xerais

- ✚ Abordar a inmigración buscando a integración e intentar normalizar a súa situación dende o momento da súa chegada ao noso país.
- ✚ Afrontar a inmigración ao marxe da exclusión, separando casos de vulnerabilidade.

## 2.- Obxectivos Específicos

- ✚ Informar orientar e asesorar sobre os servizos e recursos públicos ou privados ao seu alcance.
- ✚ Detectar necesidades que o usuario non explicita nas diversas entrevistas.
- ✚ Previr posible situación de exclusión social.
- ✚ Procurar a autonomía das persoas no posible para que de maneira independente poidan cubrir as súas necesidades básicas.
- ✚ Realizar intervención integral con aqueles casos que o precisen, temporalmente cubrindo algunhas necesidades básicas.

### Servizo de atención, información e acollida

Na actualidade ou traballo continúa realizándose en tres zonas desde o ano 2006 para facilitar a operatividade do Programa: **Vigo Norte**, **Vigo Centro** e **Vigo Sur**, atendéndose mediante solicitude e cita previa, podendo diferenciar na atención de forma xenérica os seguintes baremos:

Grupos de Idade	Nº Participantes
Mozos de 18 a 25 anos (ONU)	37
Mozos de 18 a 35 anos	197
Idade laboral de 16 a 64 anos	412
Adultos de 45 a 64 anos	77
Persoas Maiores de 65 e máis anos	6
Non consta	4

Zona Xeográfica	Participantes
A. Norte	2
África	80
Asia	5
Europa	52
Latinoamérica e Caribe	262
M.O.N.A.	19
-	2
<b>Total</b>	<b>422</b>

Tipos de Convivencia	Persoas
Persoa soa	114
Parella sen fillos	31
Parella con fillos	111
Familia monoparental	84
Outros tipos de familia	34
-	48
<b>Total</b>	<b>422</b>

**Este Programa en 2010 realizou 1.318 entrevistas**

**Atendeu a 422 usuarios, 242 mulleres e 180 homes**

Dos 422 usuarios encontrámonos cunha media de ingresos de **297,81 €** por persoa e mes, tanto de actividades regularizadas ou non, coa porcentaxe máis elevada de persoas que non teñen ingresos.

Dos 422 usuarios saíu unha media de gastos por persoa de **421,48 €**, sendo a maioría dos gastos de tipo normal, como vivenda, recibos, alimentación, etc...

### PISOS DE ACOLLIDA

O total de beneficiarios/as durante o ano 2010 foi dun total de 4 persoas, de entre elas 1 neno, correspondentes a 3 familias

### CONVENIO DE ALQUILER DE PISOS

Neste ano, tamén se xestionou un Convenio de Alquiler, asinado coa Xunta de Galicia, co que se apoiou a 8 familias, cun total de 35 beneficiarios/as, dos cales 13 eran adultos e 22 menores



TIPOLOXIA DOS USUARIOS

A).	Parellas con fillos con escasa cualificación
B).	Empregadas de fogar, sen dereito a ningún tipo de prestacións por desemprego
C).	Autónomos sen traballo e sen prestacións
D).	Persoas, algunhas xa maiores, que viven soas, tendo o seu núcleo familiar no seu país de orixe.
E).	e sobre todo, mulleres con fillos a cargo

## PROXECTO DE PARROQUIAS

### CLASES DE LINGUA E CULTURA

Estas clases, que habitualmente se levan a cabo na *Parroquia do Corazón de María*, son impartidas por un grupo de profesoras voluntarias que levan anos realizando esta labor, e que posibilitan aos inmigrantes as ferramentas básicas da lingua castelá e incluso a súa alfabetización, xa que moitos deles non teñen rematada a educación primaria.

O seu desenvolvemento coincide temporalmente co curso escolar de setembro a xuño de cada ano.

Este ano acudiron a elas 155 participantes

### CLASES DE APOIO ESCOLAR


Nestes momentos seguimos contando con voluntarias/os que imparten clases aos nenos e nenas, fillos de familias recentemente chegadas ao noso país, que precisan apoio educativo.

Estas clases impartíronse nas parroquias de *San Antonio da Florida* e *Nosa Señora do Carme*.

Acudiron un total de 90 alumnos/as

TOTAL INVERTIDO EN EL PROGRAMA: 200.377,93 €

Fondos  
Propios  
115.113,27



Xunta de  
Galicia  
85.264,66

## ESCOLA INFANTIL DE CÁRITAS 2010

É un centro para nenos/as de 0-3 anos, no que, ao longo do ciclo, os menores adquiren un coñecemento, dominio e aceptación do propio corpo, establece diferenzas entre se mesmo e as persoas que o rodean, vai conseguindo unha autonomía progresiva nas súas rutinas e actividades cotiás, sendo un servizo, máis que un programa, xa que os nenos/as veñen principalmente derivadas dos distintos programas de Cáritas e dous servizos de organismos oficiais.



O nº de prazas é de 54 e atendéronse a 82 familias.

O nivel de ocupación foi completa con lista de espera.

As cotas a pagar fíxanse en función da convocatoria oficial da subvención correspondente, sendo durante o mes de Abril cando se abre o prazo de inscrición de novas solicitudes coa presentación da documentación esixida para este tipo de Escolas Infantís, facéndose a selección en maio e Xuño.

Na admisión dos alumnos priorízase sempre a máis crúa realidade social, pois a selección comeza a facerse polos nenos/as de familias de distintas etnias e niveis económicos e sociais máis desfavorecidos pola súa situación socio-familiar, laboral, e económica.

A formulación educativa da Escola Infantil de Cáritas trátase en función das necesidades dos/as nenos/as destas idades coas actividades propias diarias, así como as que se fan en colaboración con outras asociacións viguesas.

Esta Escola Infantil é un espazo onde o neno/a establece o seu primeiro vínculo co mundo, fóra da familia, onde crece e madura, sen pretender en ningún caso substituíla, senón complementala e procurar:

- Facilitar á nai o acceso ao mundo laboral.
- Estimular o desenvolvemento das capacidades motrices intelectuais, sociais e emocionais do neno/a.
- Potenciar a creatividade, interese e curiosidade polo descubrimento.
- Garantir a súa seguridade e cubrir as súas necesidades fisiolóxicas.
- Transmitir uns hábitos que lles permitan alcanzar autonomía e seguridade e que lles faciliten a adquisición de novas aprendizaxes no seu progreso persoal.
- Potenciar a convivencia, ao favorecer a igualdade entre nenos/as de distintos sexos, culturas e capacidades físicas e psíquicas.

INGRESOS APLICADOS AO PROGRAMA: 189.267,83 €

Fondos  
Propios  
73.816,62



Aportación  
Usuarios;  
35.555,10  
Xunta de  
Galicia;  
79.896,11

## CENTRO DE ATENCIÓN DE DÍA 2010

O CAD abriuse en Decembro do 2000, e reformouse completamente este curso, para atender a menores de 0 a 18 anos, preferentemente de minorías étnicas, contando con 16 prazas, con momentáneas vacantes no ano.

**A SÚA META FUNDAMENTAL: Facilitar a integración socio-familiar dos menores atendidos e que sexa un recurso alternativo ao internamento.**



Este noso servizo comprende, entre outras as actividades de atención diaria desde as 8 ata as 20 horas, con servizo de transporte desde o seu centro escolar ata o noso e desde este a as súas casas, tendo comedor onde se dan aos nenos/as almorzo, comida, merenda e cea, prestando especial atención á hixiene e aseo persoal, á saúde con revisións periódicas, vacúas, desenvolvemento físico, apoio psico-social, e estando en colaboración estreita coa familia para a normalización da situación socio-familiar.

O ser un grupo tan heteroxéneo en cultura e idade debemos persoalizar a súa educación, polo que se fan PEIS (proxectos educativos individualizados) para cada un dos nenos/as no momento do ingreso, modificándose despois cada 3, 6 ou 9 meses, para conseguir os obxectivos de:

- Facilitar a integración socio-familiar dos menores atendidos, utilizando o recurso como paso intermedio entre o internamento e a volta do menor o seu fogar.
- Evitar o internamento dos menores cando a súa problemática familiar non o faga estritamente necesario, garantindo así o dereito do neno/a a permanecer no seo da súa familia.
- Favorecer unha maior apertura á integración das instalacións de menores na comunidade social na que están emprazadas.

**O traballo con nenos/as foi moi positivo, cumpríndose amplamente as expectativas e obxectivos propostos, atendéndose en 2010 a 11 familias (26 nenos, en total), se ben, dada a problemática dalgún menor, e de acordo coa Xunta, recolocouse noutro centro máis especializado.**

*Saídas culturais: Museo Liste, Museo Quiñones de León, Verbum, Marco, Barrié de la Maza etc...*

*Actividades lúdicas: Cine, praia, ao parque de Castrelos, etc...*

*Nos meses de verán: Acoden a campamentos como os organizados no Verbum ou pola Fundación Abertal.*

*Durante o curso: un día por semana van á piscina e dende outubro o cambiaron por clases de baile, e unha tarde por semana ven o Grupo Espabila para facer diversos obradoiros.*

**INGRESOS APLICADOS AO PROGRAMA**

**XUNTA DE GALICIA: 208.848,56 €**

## **SERVICIO DE EDUCACIÓN FAMILIAR 2010**

No labor diario levada a cabo coas familias en Cáritas Diocesana de Tui-Vigo obsérvase a dificultade de nais e pais para entender o comportamento dos seus fillos, para falar con eles sen exaltarse, para controlar certas emocións e aplicar límites na conduta dos nenos. Todo iso condiciona os procesos de comunicación e convivencia na familia.

A esta problemática engádeselle que son familias en risco de exclusión social, con problemas económicos, con pouco apoio social, con dificultades para a inserción laboral e con escasos recursos persoais que lles impide resolver adecuadamente os problemas educativos dos seus fillos.

No que se refire ao aspecto económico, e desde o punto de vista educativo, observamos no labor diario coas familias que estas carecen de criterios de aforro e que a distribución dos escasos recursos económicos dos que dispoñen non se realiza de forma correcta; agravando a precariedade na economía familiar.

As/os participantes acoden ao servizo de educación familiar derivados/as polas traballadoras sociais e, a través das distintas actividades, individuais ou grupais, vanse marcando as pautas de actuación nos distintos ámbitos.



A atención ás familias lévase a cabo dunha forma personalizada (dependendo das características e necesidades de cada unha) a través de Entrevistas, Visitas domiciliarias e Acompañamentos.

**Atendéronse a 32 familias no ano 2010.**

### **ACTIVIDADES GRUPAIS**

#### **Escola de Nais e Pais.**

É un espazo de información sobre diversos aspectos da función educativa da familia coñecendo os distintos aspectos evolutivos dos fillos, os hábitos de hixiene e saúde apropiados, a importancia da comunicación entre a escola e os pais...

**Realizáronse 5 Escolas, asistindo 69 usuarios/as**

#### **Obradoiros de Economía Doméstica**

Son espazos que tratan de posibilitar que as familias tomen conciencia da necesidade de aforro, o acepten e o xeneren.

**Realizáronse 7 Obradoiros, asistindo 63 usuarios/as.**

#### **Obradoiro de corresponsabilidade no Fogar**

É un apoio ó traballo realizado diariamente cos/as participantes procurando que asuman de maneira igualitaria os quefaceres diarios.

**Realizáronse 2 Obradoiros, asistindo 7 usuarios/as**

=====

**TOTAL INVERTIDO EN EL PROGRAMA: 24.787,58 €**

<b>I.R.P.F.</b>	<b>10.000,00 €</b>
<b>S.I.C.C.E.</b>	<b>4.750,00 €</b>
<b>FONDOS PROPIOS</b>	<b>10.037,58 €</b>

## COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Na nosa Diocesana é un Programa recentemente creado, e tivemos que empezar polo máis elemental: o de acadar a necesaria formación do persoal voluntario pertencente ao mesmo:



### ACTIVIDADES 2010

Mentres continuamos coa **FORMACIÓN** que, como Grupo Diocesano seguimos recibindo, asistindo a cursos de Cáritas Española, comezamos a efectuar o seguinte paso: **Sensibilizar á comunidade eclesial.**

### II MOSTRA DE CINE SOCIAL

Versando sobre o tema **ÁFRICA**, efectuamos 5 proxeccións no Cinema Salesianos de 3 curtametraxes "Binta e a gran idea" "Lucky" e "Mened" para alumnos de Primaria e a película: **Izulu Lami (Meu ceo Secreto)**, para 3º e 4 de Secundaria e Bacharelato, con **10 Colexios**, entregando materiais para o seu traballo e dinamización nas aulas.

**Beneficiarios: 1474 alumnos de 10 Colexios e 100 persoas de público en xeral**

### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITINERANTE

Este ano o equipo de Cooperación traballamos a sensibilización en colaboración con REDES (Coordinadora de ONG's de Desenvolvemento Católico) sensibilizando ás nosas comunidades e colexios sobre o tema de "A Educación en África" correspondente ao segundo ano da campaña "ÁFRICA, CUESTIÓN DE VIDA. ÁFRICA, CUESTIÓN DEBIDA".

Para iso realizamos unha exposición fotográfica que circulou itinerante por centros escolares e parroquias e no Colexio de Arquitectos de Vigo. Realizouse en 12 centros escolares de Vigo e comarcas próximas.

A exposición ía acompañada por dous mozos africanos narrando contos tradicionais do continente e a súa experiencia de educación. Nesta actividade participaron uns **2.700 alumnos/as**.

Rematamos a campaña realizando unha festa africana, con actividades musicais, obradoiros, gastronomía típica... Foi no centro de Vigo e houbo 400 persoas.

Para máis información consultar o blog da campaña

<http://vigoredes.blogspot.com/>

### INGRESOS OBTIDOS PARA O PROGRAMA

**152.925,32 €**

*Neste importe están incluídos as doazóns destinadas a Haití*

## O.N.G. INTI

En 1995 nace a ONG INTI (SOL en quechua). Bautizouse así como representación do sol da fraternidade, xustiza e solidariedade que quere facer chegar aos máis necesitados. A súa lema é (tamén en quechua) Ccospanchiscca cha skinchicmi: Compartir é recibir.

### OBXETIVOS:

1. Desenvolvemento integral das familias beneficiarias abarcando distintas áreas: económica, social, sanitaria, educacional e formativa, centrándose de maneira especial na promoción da muller e na axuda á infancia.
2. Promoción e formación de grupos de voluntarios/as non remunerados que acheguen o seu traballo e os seus coñecementos para contribuír ao cambio social e no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.
3. Promoción de campañas sociais dirixidas a sensibilizar á poboación ante as desigualdades e inxustizas, fomentando valores de xustiza e solidariedade.
4. Recadar fondos e solicitar axudas para proxectos que a ONG INTI leva a cabo.

### ACTIVIDADES LEVADAS A CABO EN ESPAÑA

- 3 Coloquios de "Sensibilización á solidariedade" á poboación,
- 7 Exposicións de material traído por voluntarios que foron a Perú.
- Rastrillo semanal de 16,30 a 19,00 no antigo Colexio Gondomar
- Envío de Axuda Humanitaria dun colector con 9.500 Kgs.
- Cea benéfica en Rocamar o 28 de maio
- Reunións de voluntarios e de Xunta Directiva.

## Asociacións e institucións confederadas a Cáritas Diocesana

### ACTIVIDADES LEVADAS A CABO EN PERÚ

**Proxecto Amigo Solidario:** ten por obxectivo o desenvolvemento integral das familias a través da axuda económica mensual de 20 € por parte dunha persoa "amigo solidario" de España a fin de garantir uns ingresos, que reverten integramente no neno, para aliviar a situación familiar, e que se desenvolve en 3 poboacións:

- **Quilmaná:** Outro Programa de Amigo Solidario, que empezamos en 2008, cuxa axuda chegará a 25 familias. Os obradoiros, que se van a realizar son os de costura e de cociña; con este as nais pretenden aos poucos poder organizar un comedor e sacalo adiante coa axuda do Programa, mentres os seus fillos van a outro para eles. Ambos están nos seus comezos.

- **Abancay:** Conta, actualmente con 50 familias cuns 350 beneficiarios. Os nenos pasan control nutricional, realízanse obradoiros de tecido e bordado a man, cociña e repostaría, corte e confección e alfabetización, sendo este último, un dos máis aproveitados por parte das nais.

- **Chalhuanca:** Apoia a 12 familias e conta con obradoiros de cociña, bordado e tecido. Teñen revisións médicas periódicas a nenos e realízanse visitas ás familias nas súas casas así como a supervisión e control da economía do Programa.

**Fogar Huancarama:** Fogar de acollida de 50 nenas de comunidades campesiñas entre 8 e 18 anos, que por vivir en lugares moi afastados e con difíciles accesos, non poderían cursar estudos. Un grupo de persoas de Vigo financia a manutención do Fogar a través de INTI. Actualmente ten 47 nenos.

### OUTROS PROXECTOS

**Colexio "Don Santiago Castro Lucini" en Pucallpa:**  
Colaboramos con el dende Setembro do 2006. Este ano aportáronse 4.433-€ para a reparación dunha furgoneta.

## CONFERENCIAS DE SAN VICENTE DE PAUL

Este Consello conta con 10 Conferencias repartidas nas seguintes poboacións:  
7 en Vigo, 1 en Pontevedra, 1 en Vilagarcía e 1 na Guarda

- ### OBXECTIVOS
- Axudar aos que sofren, aos que nada ou menos teñen, a que superen a súa situación de necesidade para lograr a súa integración sen esquecer o enriquecemento espiritual.
  - Facer chegar ás persoas necesitadas a mensaxe de que eles os necesitados non son simples números, senón fillos de Deus, creados e queridos por El, de tal maneira que eles tamén se sintan e sexan partícipes da Boa Nova.

### ACTIVIDADES SOCIAIS LEVADAS A CABO

**OBRADOIRO PRELABORAL DE COCIÑA (VIGO):** É activo, con bo ritmo. Este ano impartíronse clases de cociña sobre todo a inmigrantes, beneficiándose 15 persoas

**RASTRILLO DE CARIDADE (VIGO):** Neste *rastrillo* despacháronse 9.952 prendas, cunha actividade intensa ata o punto de que tivemos que ampliar o horario.

**AXUDA AO 3º MUNDO (VIGO):** Enviáronse 1.300 kgs. de medicinas para os misioneiros e Ong's do 3º mundo. Funciona a través dunha ONG dependente do arcebispado de Pamplona. Vale a pena esta colaboración.

### Asociacións e institucións confederadas a Cáritas Diocesana

**CONSULTORIO LEGAL (VIGO):** Ten dous anos en actividade e atendeu 40 consultas gratuitamente ao longo do ano 2010, delas 1/3 inmigrantes. Realiza á inversa a visita e leva a cabo o tratamento integral do consultante.

**AULA OBRADOIRO BETANIA (PONTEVEDRA):** A Conferencia Virxe Peregrina, ten un centro de rehabilitación para persoas procedentes do mundo da droga e da prostitución. Asistiron 12 persoas con carácter permanente.

**CALOR E CAFÉ (PONTEVEDRA):** A mesma Conferencia ten un baixo destinado a albergue nocturno, cun total de 12 prazas oficiais. O índice de ocupación é dunha media de 408 persoas mensuais. Acompañánelles a realizar distintos trámites dentro da administración ou os servizos sociais. Todas estas actividades son realizadas por un total de 52 voluntarios, dirixido por dous socios da Conferencia e unha Filla da Caridade.

**Do Concello de Vigo recibimos unha achega extra de 32.000 € co que se deron 17 Toneladas de alimentos entre as Conferencias.**

Socios activos voluntarios .....	102
Socios colaboradores .....	521
Durante o ano 2010 atendéronse a 322 familias estables e 62 esporádicas	

## CONTABILIDADE E ADMINISTRACIÓN 2010

Este Departamento, xunto co Administrador e coa Secretaria Xeral, ten as seguintes responsabilidades:

- Coidar da administración dos bens de Cáritas Diocesana e manter ao día o inventario dos mesmos.
- Elaborar a contabilidade xeral e a súa conta de resultados.
- Realizar o seguimento administrativo dos orzamentos e gastos dos diferentes programas.
- Arquivar, ordenar e custodiar todos os documentos de xestión xeral, de persoal e de administración.
- Realizar as xestións administrativas pertinentes con bancos, provedores, socios, doantes, parroquias e persoal
- Controlar a recepción, envío e distribución da correspondencia.
- Atender ás persoas que demandan a axuda de Cáritas
- E outras funcións e actividades menos significativas, pero necesarias para a boa marcha de Cáritas.



Todos estes labores están a ser realizadas por dous Traballadores Administrativos, que desempeñan o traballo de control e actividade diaria de Cáritas, axudados por 4 persoas voluntarias: unha delas como recepcionista, un que se encarga da biblioteca, e outros dous máis que fano directa e exclusivamente en temas administrativo-contables .

### **INGRESOS APLICADOS AO PROGRAMA**

**Fondos Propios: 58.789,67 €**





### ***Colaboracións Institucionais***

#### **Institucións**

Fundación Proxecto Home Galicia,  
Fundación Espinal, Dar Máis, Agaceme,  
Fondo Interdiocesano de Cáritas Española,  
Cáritas Parroquiais,  
"Fundación "Fogar San Xosé" - Comedor da Esperanza"

#### **INGRESOS APLICADOS**

**Fondos Propios : 20.439,69 €**




## CONTABILIDADE DO ANO 2010 COMPARADA COA DO ANO ANTERIOR


PROGRAMAS REALIZADOS		GASTOS 2009	GASTOS 2010
Acollida	1	323.632,00 €	231.260,02 €
Animación Comunitaria	2	100.534,02 €	83.702,67 €
Gardería / Centro Atención de Día	3	306.200,33 €	327.201,10 €
Cooperación Internacional	4	8.000,00 €	152.925,32 €
Colaboracións Institucionais	5	16.484,20 €	20.439,69 €
Emprego	6	214.927,51€	245.608,16 €
Inmigrantes	7	233.208,09 €	200.377,93 €
Saúde e V.I.H.	8	79.727,61 €	81.259,15 €
Administración e Drogodependencia	9	61.792,51 €	58.789,67 €
<b>TOTAL GASTADO POR PROGRAMAS</b>		<b>1.344.506,27 €</b>	<b>1.401.563,71 €</b>
CONCEPTO			
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>1.344.506,27 €</b>	<b>1.401.563,71 €</b>
INGRESOS PROPIOS DO ANO		1.343.851,74 €	1.399.649,99 €
<b>RESULTADO EJERCICIO POSITIVO</b>		<b>-654,53 €</b>	<b>-1.913,72 €</b>

### DIFERENCIA EN MÁIS CÓ ANO ANTERIOR

- 1).- **ACOLLIDA:** 44.040,07 €; Importe recibido do Concello de Vigo a fin de ano, xustificado con facturas reais e que se darán como Axudas en 2.010.
- 2).- **ANIMACIÓN COMUNITARIA:** Menos gastos en propaganda e outros.
- 3).- **GARDERIA E C.A.D:** Obras por 13.840,47 € e baixas por enfermidade
- 4).- **COOPERACION INTERNACIONAL:** Aportación diocesana extra de Haití.
- 6).- **EMPREGO:** Asígnase ao Dpto. á Educadora social, e efectúanse 3 Obradoiros máis: 1 de Pintura e 2 de E. de Fogar para Inmigrantes, financiados pola Xunta.
- 7).- **INMIGRANTES:** A Educadora social pasou a depender de Emprego.
- 8).- **SAÚDE E VIH:** Incremento por unha maior incidencia de visitas domiciliarias





CONCEPTOS	INGRESOS 2009	INGRESOS 2010
Doazóns directas	97.836,32	123.744,58
Parroquias	37.980,02	49.054,31
Outras doazóns	3.914,00	21.908,88
Colecta do Cristo da Vitoria	8.013,57	7.971,89
Colecta Día Nacional da Caridade	24.400,14	15.136,76
Socios	38.077,39	46.758,36
Empresas con Corazón	15.278,42	26.832,86
Herdezas e Doazóns	209.947,44	130.000,00
Ingresos e Beneficios Exercicio Anterior	20.213,31	15.843,28
Doazóns Cooperación Internacional	8.000,00	153.075,32 €
Mostra de Arte	34.735,00	27.875,00
Recuperacións	28.940,45	36.478,10
IRPF	36.195,44	42.227,10
Xunta de Galicia	486.409,35	438.332,61
Sicce - Cáritas Española	0,00	4.750,00
PO - Fondo Social Europeo	124.507,98	114.696,90
Diputación Provincial de Pontevedra		6.000,00
Concello de Vigo	48.331,91	0,00
Fundación Barrié de la Maza	60.000,00	60.000,00
Fundación Caixa Galicia	3.000,00	16.361,04
La Caixa	0,00	14.000,00
Caja Madrid	12.000,00	0,00
Obra Social Caixanova	12.000,00	12.000,00
Conferencia Episcopal Española	24.071,00	36.603,00
<b>TOTAL INGRESOS RECIBIDOS 2009</b>	<b>1.343.851,74</b>	<b>1.399.649,99</b>



## COMPARATIVA DE ORZAMENTOS DE INGRESOS E GASTOS ANOS 2010-2011

GASTOS			
Programas		Ano 2010	2011
Acollida	1	301.129,40	292.835,62
Animación Comunitaria	2	83.069,65	84.286,69
Gardería / Centro Atención de Día	3	325.260,57	317.932,00
Cooperación Internacional	4	2.000,00	2.000,00
Colaboracións Institucionais	5	21.880,00	23.674,00
Emprego	6	197.535,51	182.286,20
Inmigrantes	7	201.808,44	165.033,57
Saúde e VIH	8	83.650,40	88.485,81
Admon e Drogodependencia	9	68.011,91	63.940,76
<b>SUMA GASTOS DO ORZAMENTO</b>		<b>1.284.345,88</b>	<b>1.220.474,64</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>1.277.820,00</b>	<b>1.221.008,17</b>
<b>RESULTADO PREVISIBLE NEGATIVO</b>		<b>-6.525,88</b>	<b>-533,53</b>

INGRESOS		
Conceptos	Ano 2010	2011
IRPF	42.227,10	41.099,33
Xunta de Galicia	462.750,00	367.250,00
Entidades Privadas	104.600,00	140.100,00
Emprego - Fondo Social Europeo	114.696,90	122.368,84
Herdanzas e Legados	210.000,00	100.000,00
Doazóns Específicas	42.546,50	61.190,00
Mostra de Arte	30.000,00	25.000,00
Cotas Aportación Gardería	27.500,00	35.000,00
Parroquias	35.000,00	70.000,00
Colectas varias	0,00	0,00
Colecta Día Nacional Caridade	24.000,00	15.000,00
Colecta Cristo da Vitoria	7.500,00	6.500,00
Doazóns xenéricas	95.000,00	105.000,00
Socios e Empresas con Corazón	70.000,00	102.500,00
Ingresos financeiros	2.000,00	5.000,00
Outras	10.000,00	25.000,00
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>1.277.820,50</b>	<b>1.221.008,17</b>



# AGRADECEMENTOS

XUNTA DE GALICIA

OBRA SOCIAL LA CAIXA

OBRA SOCIAL CAJA MADRID

OBRA SOCIAL NOVACAIXAGALICIA

FABIOLA ALONSO-LAMBERTI CASUSO

FUNDACION PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

DIPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

FUNDACION CELTA DE VIGO

FONDO SOCIAL EUROPEO

FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS HOSTELERIA E ESTABLECEMENTOS COLABORADORES